

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 > América id... 2 >
PAGO ADIANTADO

NUMERO 111
A CRUÑA 25 DE XANEIRO DE 1920

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Unha esperanza

A muller e os seus dereitos

Vislúmbrase o proieuto dos dereitos da muller según xa paréz ouvirse comentand'o dito de certos políticos. Non poíde menos de suceder porque xa é ley n'algún Estado pol-o que sempre os políticos do noso goberno guían os seus pasos. Hay proieutos mais ou menos liberaes que pide un sector da opinión hespañola e ¡absurdo! iso é unha idea demasiado liberal, e unha idea avanzada; mais ise proieuto é feito ley por algunha razón occidental d'Europa e daquela xa os nosos políticos van crêndo na necesidá d'isa ley e na razón d'apricala; mais eiquí endexamais queremos sere os primeiros. ¡Non sei como non se protestou tamén cando se levou a unha muller a certo centro docente hespañol!

No programa nazonalista figura o conqwerimento dos dereitos da muller. Non podía menos de figurare aspirando como nós aspiramos ao conqwerimento d'unha democracia por base e á realización de un ideal tan xusto que todo él é asentado sóbor d'isa base. Primeiro que a autonomía para Galicia debemos d'aspirar a ver a verdadeira democracia imposta pol-a razón en tódol-os galegos; é, pois, lóxico que no noso programa figure o conqwerimento do voto par'a muller. Non se concibe como a muller estivo sin dereitos durante tantos séculos; ¡qué razón hay para que ela, que é un ser espiritualmente mais grande que o home, esteña considerada n'isa inferioridade?

Pensando n'isto sacámol-a conseqwen- cia de que o home considerouse sempre un ser superior á muller. A razón da forza. ¡Cántos anos de progreso perderíamos, quizais, debido a ésto! A forza, é dicir, a razón d'ista, imperou sempre até hoxe en tódol-as crases sociais, i-en tódol-as esferas d'autividá humana. Espriquémonos ben, pois, que o home, superior en forza á muller, se

creese tamén con superioridá en tódol-os ordes. Mais na intelixencia é unha trabucación (e refírome á verdadeira intelixencia, natural), o coidare que a muller non está á outura do elemento masculino. ¡Non sei si feita unha comparación teríamos unha grande diferenca de resultado na nosa conta!

O progreso do mundo débese a maor parte ao elemento home; pois figurádevos donde estaríamos si a muller recibise, sin escasez, unha educación i-unha cultura igual á d-os homes, cós mesmos deberes, cós mesmos dereitos...

Mais a falta d'isa educación axeitada ós medios en que se desenrola a vida social de tódol-os ordes creará grandes dificultades, nos primeiros tempos, par'a realización normal d'issos dereitos que lle corresponden. Non importa, x'a virá a normalidá.

Os galeguistas estaremos de bca nova. Galicia, antr'as mulleres de toda España ha dal-o exempro: as mulleres das poboacións seguirán sendo, quizais, as de sempre, entramentras non s'adoitan a cumprir cò seu deber; mais as mulleres campesinas, isas mulleres que sofren mais que os homes as durezas do caciquismo e que tamén senten mais qu'eles a rebeldía n'esa escravitude contra da que s'ergueron en Nebra, Sofán, etc., isas, non desconfío, cumprirán cò seu deber de cidadanas e darán o paso que os homes, por falla de valor, non s'atreven a dare.

JOSE VIA GOLPE.

Betanzos.

No 88 como no 20

O labrego d'oxe leva vida mais ruiña que o servo da gleba. Non conce da civilización senón as suas cárregas e as suas corrucións. O Estado samente chega a él no xeito de recaudador, de sarxento, de candidato pra tomarlle a facenda, os fillos e a paz.

S. MORET.

Poetas estranxeiros

(De Hebbel)

N'unha páxina do seu «Diario» escribeu Hebbel, sóbor da poesía, estas verbas admirables: «A realización suprema na poesía é pasar o fio d'ouro da vida a través do pensamento da morte». Mais ese fio d'ouro non é sempre unha realidade nos seus versos. A vida está de cote n-eles, eso sí, con todas as súas transcendencias, con todos os seus desencantos, co légamo d'amargura que hai sempre no fondo d'as ilusiones realizadas.

Hebbel é o poeta d'as tristuras fondadas, nas formas sinxelas. Un crítico hespañol chámalle lírico. ¡Por qué? E' verdade que hai un lirismo trascendente qu'é, no fondo, a imaxen d'as preocupacións anguriosas. Mais Hebbel é, en todo e ante todo, un elixiaco. Os temas mais sinxelos, os motivos mais elementales teñen pra él amargas suxerencias. Sempre hai no seu numen un sedimento de zozobra, un sentimento triste que ronda a traxedia, unha emoción de temor e de medo, como se vira flotando o «ananké» sobre todas as cousas. Resalta esta modalidade da sua visión poética até n-aqueles temas onde un sentimento de infantilidade soilo deberea percibir perspeutivas erras e matices sonrosados. Pero esto queda espicado co-a vida de Hebbel: «non tivo infancia»; traxedias íntimas de familia deixaron entón na sua alma un sedimento de dôr e de anguria que dou carácter á sua obra.

O pesimismo foi a musa inseparable d'este gran poeta alemán, que viveu pobre e casi ñerado no seu país cando na consideración social preponderaban as castas militares, que puxeron á nación ó bqrde do abismo, y-o profesionalismo da guerra—qu'é tanto como decir o profesionalismo da matanza—tiña tras de sí escesivas belixerancias e inxustos privilexios. O pesimismo

hebbeliano fainos pensar en Nietzsche cando di: «A ferocidade cálzase os guantes sóbor d'as garras; este é o resultado da historia universal». N'os días que corren estas verbas teñen unha elocuencia soberana.

Vede agora unha mostra fundamentalmente emotiva, do estro d'este poeta.

O NENO

Co derradeiro atavío
a naiçña está na caixa:
o pequeno entra xogando
e contéplaa cara a cara.

Mira as froliñas que adornan
tecidas como grinalda;
entr-as mans casi amarelas
se lle figuran mais brancas.

E con voz mimosa, dille:
—Dame unha frol d-esa rama—;
y-ó ver que non lle contesta,
vaise quedíño da sala.
E pensa: —«Será que dorme;
habrá que calar»—, e cala.
Pero volve paseniño
por se-acaso a nai o chama.

ROBERTO BLANCO TORRES.

ARTE E GALEGUISMO

Unha Exposición do xenial Castelao

Axiña faráse n'unha das sociedades de recreio da Cruña a anunciada. Esposicinó das notables caricaturas e dibuxos que Castelao pensa levar a un álbum que chamará a atención de tódolos intelixentes, e que como dianteira ha levar a fermosa poesía de Ramón Cabanillas que n'outro lugar d'este número poden saborear os lectores.

Na mesma Exposición téñese pensado amostrear os planos do pazo municipal de Porriño que o xenialísimo arquitecto Palacios, fillo d'aquela vila fixo con moito amore e que resulta a primeira construción civil de xeito enxebre.

Mentras estefa aberta a Exposición haberá catro conferencias—como xa temos dito. Unha de Viqueira, outra de Quintanilla, outra de Risco i-outra humorística do propio Castelao.

Todo orgaizado pol-a seición de Cultura e Fala da «Irmandade» crufiesa.

Aos nosos colaboradores

Pregamos con fondo encarecemento a tódolos nosos colaboradores que manden orixinaes pra A NOSA TERRA, pois van camiño de s'agotaren os que teñen enviado.

A TOLA DE SOBRÁN

UNHA ESCEA DA OBRA

Como xa temos dito estrenóuse na «Irmandade» da Cruña a comedia n'un acto do notabre poeta F. Porto Rey, nomeada «A Tola de Sobrán». N'esta comedia, escrita c'un linguaxe de mestre, o autor de «Fermosinda», di cousas fondas, d'unha grande beleza pol-a boca dos personaxes da súa farsada. A obra gustou a cantos a teñen visto representare. E pol-o mesmo fol gabada i-aplaudida.

Oxe ofrecémoslle ós nosos lectores anacos d'unha escea da obra, a derradeira, pra que poidan saboreala.

DON FIS

(*Séntase*). ¡Dios mío, qué desgracia!

FELISA

¡Ocurreu alguha disgracia?

ALBERTE

¡Qué pasou? ¡qué foi?

DON FIS

¡Cala, home, cala! Un rapaciño, ja médeo mozo, gabeou por unha d'as paredes d'a irexa de Sobradelo, pra coler un niño de pardal, e faltoulle un pé, caeu riba d'unha lousa e crebrou a cabeza Ehi o levan morto pra casa

ALBERTE

A Providencia.

FELISA

Abandóo d'a base de sustentación. Caiña con movemento uniformemente acelerado, pol'a aución d'a gravidade. Choque. Si a cabeza fora máis dura c'a lousa, crebaríase a lousa, pr'o como e o rivés, por aquilo de corpos duros e brandos, crebouse a cabeza. Dimpois, aprastamento d'os meolos, e derradeiramente, por ley biolóxica, a morte, total cinco leixes, que non deixarán nunca de se cumprir.

ALBERTE

¡Qué dis?

FELISA

Nada; o que dí un tolo qu'escribeu uns libros qu'eu lín ja fai tempo. Pro non cabe dúbida, que foi a Providencia, por facer mal ós paxariños. Así é todo, prohibo rapaz! (*Chora*).

DON FIS

¡E tí, conócíalo?

FELISA

Non; pr'o non importa. ¡O fin era un mozo, e dame moita lástima!

DON FIS

(*Aparte*). Atopo cambeada a ista rapaza.

ALBERTE

¡E non foi ó piñeiral do Toco?

DON FIS

Non tiven tempo de chegar alá. Atopei a Silvestre, o Sagredario do Xuzgado, n-o camiño, e coma se resolvera unha custión en que me meteu Manoel o Gallardo, véume contando.

ALBERTE

¡Perdéuna él?

DON FIS

¡Iso era sabido! Os meus bois, ceibáronse e metéronse n-unha horta de Manoel, Piniscáronlle catro verduras e tripáronlle dous ou tres tallons, de ceboliño. Por ista porcallada, meteume n'o Xuzgado, e o xuez que é un bo meu amigo, ¡istaba visto! tiña que fallar coma fallou, en contra do denunciante. ¡Tiña eu migalla de culpa de que os bois fixeran o que fixeron? ¡Mandéilles eu entrar na horta de Manoel? Eu non pedín, ¡ben o sabe Dios!, máis que xusticia, pro si o Gallardo atopa torta a sentencia, que leve a custión ó partido, que alá tampouco me faltan amigos que me sirvan.

ALBERTE

Pois, Don Fis; eu lembrome que a miña nai, mandou a dicir n-unha carta, que por se lle ceibar a cabuxa e comer n-unha horta de vostede catro cafotos, o xuez lle fixo pagar catro pesos en catro rodas.

FELISA

Foi verdade; pro aquel era outro caso. D'aquela, a horta era de meu pai, ¿entendes?; a xusticia é xusticia, y-o que acontece é que pr'os amocados, nunca istán as cousas ó dereito.

DON FIS

(*Aparte*). Ista rapaza istá completamente desconecida.

ALBERTE

As miñas noticias son de que o Manoel dase un pouco a bebida.

DON FIS

¡Unha perdición! Istá feito un pelexo.

ALBERTE

¡Y'e verdade que a Don Gregóreo tamén o bota de perda ise vicio?

FELISA

Son faladurias. Don Gregóreo é un señor que ten moitas facendas e si o hay que levar algunhas veces pra casa n'unha angarella é porque ten a disgracia de que lle non aproveita o viño. A Manoel nunca o levaron d'iste xeito, pro é un borrachón perdido.

DON FIS

(*Aparte*). Istou pasnado do ben que discurre ista miña filla.

ALBERTE

Denantes non era eisi o Gallardo. Sempre o tiven por un home de ben.

DON FIS

A bestoera das suas borracheras, eche afellas! unha cousa rara. A don Agustín o médico, fendéuselle unha cañería d'un vertedeiro, e zuchaba tod'as augas po-l'as paredes abaixo. Como o Gallardo entende un pouco de mecánica, foi chamado pra que compuxese o tubo. Manoel, dempois de se subir nuha esqueira, untou as regandixas por onde as augas saían con unha pataca coída e apegoull'enriba uns papeliños, pidíndolle a don Agustín por aquel traballo coarenta pesos.

ALBERTE

¡E pagóullos?

DON FIS

Por non ll'os pagas, meteu o médeco n'a xusticia, e nomeou o percurador don Basilio pra que o defendera.

ALBERTE

Eu coido qu'ise preito tiña moi mala defensa.

FELISA

Don Basilio, qu'è un señor de moita concencia e de moitísima dinidade, ja veu a custión perdida, pro coma o Gallardo tiña algunhas facendas, e uns piñeirales en Cornazo d'Arriba, non dubidou en o defendere. ¡Pra iso están os Percuradores!

ALBERTE

¡Y'en qué parou o preito?

DON FIS

En que Manoel perdeuno. Votáron-selle riba d'os bens, e deixárono por portas.

ALBERTE

Si tivera un amigo que o aconsellara, poida que non lle pasara o que lle pasou.

FELISA

Manoel tivo a muller moi cativa; chamou o médeco pra que ll'a sandase; gastou moito en menciñas; a muller morreulle y'enriba don Agustín corboulle mil reas po-l'o seu traballo. Cando él foi chamado pra compor a cañería do vertedeiro, coidou que tiña o mesmo dereito, é decir; que anque a cañería non quedase ben composta, os corenta pesos eran cartos n'a man.

ALBERTE

D'estoncias, Manoel e medeo parvo.

FELISA

Parvo de todo, pois tamén os abogados perden un preito, e cobran. Manoel non tivo en conta que os médicos y'os abogados teñen un título que lles costou os cartos, e que con ise título cobran anque deijen as cousas do rivés.

DON FIS

(Aparte). Ista miña filla e unha sabida.

ALBERTE

¡E ten que ver iso c'as borracheras de Manoel?

FELISA

Dende aquela Manoel dixo que pra non ver o mundo tan aqueloutrado coma é, fíñase por borracho decotio, y así o fixo.

O conto d'unha estátua

Os amigos e servos do caciquismo pontevedrés, a rentes de se finir o señor Besada, maxinaron erguerlle unha estátua, iñoramos si ecuestre ou xacente.

Con este fin, botaron pol-o correo mais de cinco mileiros de cartas. O Concello e a Diputación da'quela provincia menos hespañola que riestrista, oferceron seu apoio.

E agora, resulta que todo ficou no fracaso. Que o morto foi á cova i-os vivos ó bolo quente do que siguen roendo.

Pois esto e vergoñoso abofellas. E moito mais ainda desque os parvos e coitadiños de Lugo fixéronlle un homenaxe ó señor Besada consintindo que o seu fillo leve o nome de deputado pola cidá do Sacramento.

¡Qué bromistas sodes pontevedreses! Mereciades que vos mandasen de Santiago o moimento de Monteiro Ríos.

E o pior évos que Eduardo Vicenti, o xenial Tontolín dicirá pr'o seu chaleque: —Si a Augusto non lle fixeron nada, a min nin siquer me erguerán cando morra unha estátua ecuestre sen cabalo. Mais teño un consolo: que todos esquenceron xa a Said Armesto.


¡Viva Hespaña!

Ben merece vivire un pobo onde hai 12 millós de analfabetos; 15 millós d'individuos que chuchan do presuposto; 400 mil fincas embargadas; mais de 100 mil probes famentos, e un monopolio com'o do Tabacaleira, outro com'o d'esprosvos, outro como' da Zucreira e outro com'o das cerillas, sen contare c'unha falla completa de camiños viciniás, co'a eisistencia d'unhos ruís i-escasos ferrocarrís e c'unhos políticos que son os mesmos que nos levaron á perda das colonias, ó barranco do Lobo, amén de botar ós homes mais fortes da terra á emigración.

Aos bos gallegos

Cantos simpaticen c'o movemento galeguista e desexen que o xeito cidadán da nazonalismo da nosa Terra chegue a conquistar o trunfo, poderán acodir a «Irmandade da Fala» (Praza de María Pita, 17, baixo) contianmente de sete a once da noite.

Alí axudarán—se así queren facelo— ós bós galegos que traballan sempre c'o pensamento posto no porvir da Pátria asovallada i-escrava, pra redimila em nome da libertá.



FERRER - CORUÑA

Non temos pan e d'eiqui a pouco vergonza; mais ¡até Don Quixote danza! (Por Casteloo).

VIA CRUCIS

(Poesía que figurará na Esposición de Castelao que vaise facer na Cruña)

Galicia rube o Calvario.
Enrabiada c-o ceo,
sentóuse n-nuha pedra, á veira do camiño,
cuberta astr-os ollos c-o pardo mantelo.

E o mantelo probe
dos días de inverno,
dos días de choiva, de vento, de neve,
de fame, de enterro...
E o mantelo das penas e os pagos,
o mantelo probe, o mantelo vello
con que vai a falar c-o filliño que está na cadea
e a darlle, ó chamado ó servicio, o adiós derradeiro;
o que leva a pagar o consumo,
as oblatas, as rendas, os foros... o demo do inferno;
o que pon cando saien os barcos
onde se van os galegos,
mar afora, mar afora,
lonxe dos nativos eidos;
o que visteu o día das tromentas
de Nebra e de Sofán— ¡trunfo do ferro!
¡trunfo dos porcos bravos!
¡trunfo dos homes roxos! ¡trunfo dos homes negros!
para ir afogada en bágoas,
enrabiada c-o ceo,
de trás d-unhas caixas longas,
camiño do cimiterio.

Galicia rube o Calvario.
Non leva ás costas a cruz do Nazareno:
leva o seu mantelo probe,
leva o seu mantelo vello.
Galicia está cansa,
soia c-os pensamentos.
Non chora: secóuse a fonte.
Ten as serpes chuchándolle os peitos
Non prega nin pon xusticia:
é mal da alma o mal do desespero.
Batete no corazón;
poñede vos de xoellos
e preguntái con santo amor de fillos,
alá no fondo, alá dentro
onde resoan cristaiñas, craras,
a voz da Raza, a voz do sentimento,
a voz da nosa Terra
mais forte que a oración, que a lei, que o ferro...
decídelle ó vosa sangue:
¡son chegados os tempos!

RAMON CABANILLAS.

Terra de Mos 1919.

DENDE COMPOSTELA

A Xuventú Escolar Nazonalista

Xa falamos da súa constitución no derradeiro número de A NOSA TERRA. Vai por bó camiño. O noso distinto irmán Valentín Paz Andrade, presidente dela, non acouga pra darlle un xeito de barilidá e cultura.

Coida a direitiva do novo e patriótico organismo que xa chegaron os tempos nos que tódol-os galegos, mais os rapaces es-

colares, primeiro que ninguén, teñen que dar exemplo en canto garda relación c'os problemas da liberdade da Nosa Terra e c'o progreso da querida patria Galicia.

Por de contado, o Directorio do Partido nazonalista galego, na derradeira xuntanza que tivo na Cruña, acordou mandar-lles un garinoso saúdo ós rapaces correligionarios de Compostela, dinos das meirandes lonbanzas.

Agardamos d'eles unha actuación fecunda, capaz de dare froitos trascendentâes.

HUMORISMO DA RAZA

O país dos propietarios

Agás o autor d'istas liñas tódol-os galegos somos propietarios. O probe mais probe pode sempre colleitar un bó repolo e poñelo a ferver na súa ola ó agarimo de catro tellas familiares. Desdoadamente poderase atopar en ningueres país onde a propiedade áchese tan esnaquizada coma en Galicia. Háivos fincas o mesmo que un coarto e outras igoas a un corredore. D'algúns hortas apenas podería colleitarse ó ano patácas abondo pra un xantar de trinta cobertos. ¿Quén vai mercar, pra cultivalas, máquinas sementeiras nin tractores automove-

ves?
Esta esnaquización da propiedade non coído que resolva, nin moito menos, o problema d' alimentar ó campesiño; mais, en troques, mantén ó abogado. Cada ferrado de terreo galego está sempre en pleito c'un dos ferrados de terreo veciños. O soilo feito da entrada a unha finca que, moitas veces, atópase arrodeada de vinte ou trinta, adoita ser un semilleiro de custións, e mentres s'arruina o labrego, o abogado engorda. Inda que vos é certo que os labregos son tamén un pouco abogados. Todos son abogados aquí, uns con título i-outros sin ele. Eu non sei si a laberquería galega o froito do esnaquizamento da propiedade ou si os galegos conseguiron que a propiedade s'esnaquizase por mor da súa lendaria laberquería, dando orixe a unha terceira: a política. Iste ambiente abogadil d'inquinas continuas e d'habilidades mudadas non pode ser mais axeitado pra formación do político beoleiro máximo c'o fato de fillos, sobriños, curmáns, xenros, amigos e contertulios que nos mangonean aínda...

Algúns opinan que esnaquizar a propiedade é unha maneira d' abolila e que non existe difrencia entre que a propiedade sexa de todos i-o que non sexa de ninguén. E como se a cada un nos donaran un balón d'oxígeno pra respirarmos e nos diixeran que iso viña a sel-o mesmo que o uso libre da atmósfera. A socialización da propiedade faceráse en toda España enantes qu'en Galicia, onde non falla quen a xuzga xa feita. En Galicia a terra é de todos; mais de contado que un galego ergue o pe fora do ferrado de seu, cada paso lle custa un pleito...

JULIO CAMBA.

Lea vostede

A Nosa Terra



LUGO. A Catedral

SHAKESPEARE EN GALEGO

XAN ENTRELAS

Con este nome, fíxose un arregro pr'o teatro galego da obra do xenial dramaturgo inglés titulada "As alegres comadres de Windsor".

Trátase d'unha comedia en tres actos e un epilogo, toda cómica, pra facer escachar de risa a cantos véxana representare.

Protagonista d'ela é "Falstaf" o persoa-xe mais chistoso e de mais sona na literatura dramática universal. As bulras de que fan branco a este pícaro de moito ventre (superior ó "Crispiu" dos INTERESES CREADOS) duas honradas mulleres a que-nes desexa esprotar, así com'o carácter ce-loso do infeliz marido d'unha das mesmas, están refrexados con verdadeiro escrúpulo, no orixinal galego.

O notabre cuadro de Declamación da "Irmandade da Cruña" ven estudando a comedia con fondo agarimo, i-a data do estreno, pol-o mesmo, ha ser moi lembrada

Soprando na cinza

Pra qu'adeprendas dos que se marcharon,
Coraxudos xigantes da nobreza,
Levas n-a porta escudo de grandeza
Que teus páis, ouh galego che deixaron.
Eles, sen folgo, coma bés loitaron,
E nunca conoceron a baixeza;
Tí, máis medoso, agachál-a cabeza,
Cinguida dos loureiros que ganaron.
Fillo dos celtas, olla n-o Pasado,
Cando n'había fillo desleigado;
Qu'er'o galego, pol-a Sua Terra,
Quixote da xusticia e do dereito;
Y-antes deix'b'atravesal-o pelo,
Qu'esmagar na l-alma o amor á guerra.

ENRIQUE LITAN.

Mondoñedo, 17-1-1920.

Lembrando a Concepción Arenal

Vai chegar a data do primeiro cen-tenario do nacemento de Concepción Arenal.

Dispoñámos a ouvir unha chea de parvadas das plañideiras que a conta dos mortos ilustres queren loeir a sua fachenda valeira de cultura.

Nós non temos porque nos sintirmos festexeiros pra os nosos mortos griorios n'unha data fixa.

Como traballamos arreo tod'o ano pra facer grande a terra ond'aqueles nasceron, así a cotío poñemos unha nova pedra nos outos moimentos que merecen.

E non hai homenaxe nin lembranzas millores pro's xenios d'un país.

O demais é fume de foguetes.

Pol-o teatro galego

Noso querido amigo o inspirado poeta Avelino Rodríguez Elías, de Vigo, despois de ter lido a estadística que publicamos en col do Teatro Galego, dí-nos o seguinte, que moito ll'agradece-mos:

Que no mes de Nadal derradeiro estre-nóuse pol-os «Enxebres», d'Ourense, o monólogo d'aquel autor nomeado, «¿Cásome ou non me caso?», que se fixo dúas veces con éxito. Que o mesmo querido amigo está rematando d'escri-bire unha comedia inspirada, n'unha anécdota de San Antón pra mandala á seición de Declamación da «Irmandade da Cruña».

Logo, o propio Rodríguez Elías, coi-da comenente facer unha chamada den-d'as columnas de «A Nosa Terra» pra que quen seipa poña man a un catálo-go compreto das obras de teatro galego qu'eisisten (c'o título das mesmas, nome do autor, número de actos, xeito da fábula, seña cómica ou dramática, etc.).

Eisi—dí—cando veña o momento oportuno poderíase chegar á organiza-ción d'unha sociedad d'autores galegos.

Ten razón d'abondo o Sr. Rodríguez Elías.

Suscríbese V. A NOSA TERRA

MAR VELLA

Comenzou a se publicare en Barce-lona unha revista nomeada «Mar Vella». Ten xeito nazionalista e d'unha grande modernidade.

Xa vai para o número cinco da sua vida, e no coarto, adica una lembranza garimosa «A Nosa Terra» con motivo do artigo que nós temos publicado en col da derradeira salvaxada do caciquismo en Arzúa.

«Mar Vella», revista moi feita e d'intensa cultura é lida con fondo in-trés pol-os nazionalistas galegos que a cotío visitan a «Irmandade da Fnal».

UNHA COPLIÑA


O galego que non fala
na língua da sua Terra,
nin sabe o que ten de seu,
nin é merecente d'Ela.

VICTORIANO TAIBO.

Prégase a todol-os suscripto-res que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademi-nistrador pra facer a recrama-ción no correo.

Prégase asimesmo aos que te-ñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

NO CAMIÑO, por Castelao



¡Canto pesa e como fede...!

—: UN FILLO DE SEU PAI :—:

O novo deputado por Lugo

Así como hai animaes predispostos pra sofriren certas doenzas, háivos tamén pobos ond'os cacicatos botan raigós. Lugo, o disgraciado Lugo é un d'eles.

Pol-o artigo 29 acaban de consentire alí que fose elexido deputado a Cortes no posto valeiro que deixou seu pai, o fillo de Besada.

Do pai xa non falaremos porque na paz do cemiterio acouga para sempre. Pro do fillo sí que temos que falare.

¿Quén é o fillo de Besada, Pois iso... samente iso: fillo do seu pai. Un señor desconecido pra todos. Un señor de cuia existencia ningún dos habitantes de Lugo tiña noticia algunha.

Agora, pol-o mesmo, millor ainda que enantes, poderíamos dicir parodiando ó copleiro Lois de Tapia:

«Nos ha dado la tostada
el diputado por Lugo:
si mal González Besada,
peor González Besugo».

Todo isto probta que a cidadanía está morta en Lugo. Todo isto proba que Lugo vive ó marxe do progreso moral.

Non pode darse cousa máis noxenta que a elección do fillo de Besada.

Lugo sigue sendo o campo d'esperimentación de todol-os cuneirismos. ¿Cándo en Lugo comenará a habere homes que termen da dinidá cidadana aldraxada de cote?

Os nazionalistas da Cruña e as eleicións municipaes

A "Irmandade da Fala" da Cruña acordou ire as próximas eleicións municipaes. Acordouno en principio, sendo acollida a idea con fondo entusiasmo.

Hai algúns nazionalistas que coidan que pol-o d'agora temos que fuxire da política, xa que sendo unha forza pura poderíamos cair en perigos d'impureza.

Mais sendo a Cruña, hastra oxe, d'un xeito espritoal a verdadeira capitalidade da nación galega, maxinamos que importa moito, pr'os fis proselitistas, termos unha representación oficial no Concello hereulino.

Inda que samente fose por atopar tribuas dend'as que atopen espaxamento as nosas ideas, convén conquistar, pr'os nosos, cárregos de concellães. Pol-o doxe ben sabedes que non contamos con ningún xornal orgo do nazionalismo. Todos negan espazo pr'as nosas cousas nos suas páxinas. Se nós quixéramos falar dos problemas municipaes axeitándoos á nosa ideoloxía, todol-os xornaes faceríannos o valeiro.

Pro tendo representantes no Concello xa é difrente. O que os nazionalistas falen nas sesións, as iniciativas que propoñan, tomarán d'aquela xeito público. Y-así as xentes irán simpatizando co'a nosa santa causa.

Ademais, n'estes moentos nos que se trata de levar ó Municipio representacións d'entidades prestixosas, impórtalle moito á "Irmandade" facer valer a sua outa i-enxebre personalidá.

Elo ha servir tamén, pra probarnos comóns somos exempro-de democracia ben entendida. Pois o que represente ó nazionalismo cruñés no Concello terá trás si toda forza da "Irmandade". Cando él fale no salón de sesións a Cruña enteira saberá que pol-a sua boca falan todol-os irmaos da cidade e de Galicia enteira.

Dende logo é noxenta a política, pro moitas veces, e agora coma nunca, fáise preciso intervir n'ela. Con cantas reservas queirades, neesitase isa intervención.

Xa o sabedes, pois, irmaos: imos a loita... ¡Que cada un cumpla c'o seu debere!

DE IRLANDA E DE CATALUNYA

Pra que nós pensemos...

O nazionalismo irlandés repuna a política. A fermosa irmá Irlanda, erguéuse contr'os apreixadores da sua libértá sen pensare no palramentarismo. O irlandesismo cresceu sen ningunha propaganda eleutoral

E coma comentario a isto di unha revista catalana, moi culta e moi catalanista: "As eleicións repunan á natureza d'un nazionalismo integral. N'este punto coma una maoría, elle moi necesario a Cataluña o exempro romántico e constructivo da Irlanda"

As Xuventudes catalanistas queren unha nova organización. Desexan constituiren unha "Federación d'intransixentes". Unha Federación onde collan soilo os bós catalás. Aqueles que sintan Cataluña por riba de todo. Pois aqueles que sintan Cataluña por riba de todo han ser intrasixentes estreitamente federados, e non deixarán o romanticismo, nin venderán o seu voto nin arrenderán da patria en combinacións indinas.

Diego Ruiz, o filósofo catalán do Entusiasmo, dúlles este consello ós xóvenes catalanistas que traballan por un Romanticismo organizado: "Sentide a libértá pra facervos dinos de tel-a un día; sentila pra eisixila facédea carne vosa.— Pois en verdade vos digo que o Poeta virá a vos. E quen di Poeta di caudillo."

PENEIRANDO

O coro d' Ourense «Os Enxebres» vai, pol-o que dín, a dar un concerto de cántigas galegas en Valadolí.

Atopamos mal qu'estas cousas se leven a Castela. Por unha razón sinxelísima: porque a «superioridá castelana» riráse dos enxebrismos nosos. E facerá moitos chistes a costa dos «Enxebres».

Pro non queremos falar d'isto.

Queremos dicir que López Aydillo comentando somellante feito escribiu un artigo no «Diario d'Ourense» no que pon coma remate, logo da firma: «En Valladolid; frente al grandioso mar de la meseta castellana».

¿Queredes metáfora máis cursi?

Os homes xeniaes, con licencia do señor Aydillo, diante da meseta do centro, pensan e sinten coma pensou e sentiu Maragall no seu poema «Els hispanos»

Toda soia no meio do chán
ancha é Castela.

Faládalle do mar,

porque únicamente ela non o pode ver.

Y-un galego que non sinte o mar,
tampouco pode sentir a Terra.

Esto vai mal. Esto vai a tragner cola.

E vaia s'a trougo.

Se non ven senon colas onde queira.

Cola pr'o tabaco; cola pr'os xornaes; cola pr'os hovos; cola pr'o aceite...

Cola por todas partes. O que dicirá La Cierva: Si non chegou xa o tempo de «pegar», non seis cando chegará.

O Concello da Cruña deixou cesantes a dezasete barrendeiros interinos que levaban xa tempo sirvindo no seu oficio, por razón d'economía.

Son dezasete familias que fican na miseria n'estes momentos de traballo escasísimos

Coidamos que unha razón d'economía tan miuda, non abondaba pra unha tan fonda falta de caridade.

Agora que sempre trónzase a corda pol-o máis delgado.

Y-o pior é que aínda fai poucas datas aumentáronse trinta plazas de consumos. Sin que ninguén se lembrara entón dos probes barrendeiros despedidos.

¿Terán certas xentes medo ós escobazos? Tremeránlle á «limpeza» que cubizan todolos hos corufeses?

Compra e Venda

de máquinas de coser de todol-os sistemas.

Reparación e amaño das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de relojería: Traballo de especiaes para reloxeiros.

Dirixirse a
MANOEL PELLEJERO
San Andrés, 76 - baixo — A Cruña

False cárrago de toda
cras de traballos gra-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
ansí coma sellos de
caucho.

A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

A CRUÑA

Telef. 434

"PATENTE-SALVAVIDAS,,

O millor pra pintar os
fondos dos barcos. Ga-
nou Diproma de Hono-
re, Gran premio e me-
dalla d'ouro nas Expo-
sicións de París
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell ^{Vigo} _{Coruña}

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,
Montevideo e Bos-Aires



O día 2 de Febreiro de 1919, aproisimadamente e salvo continxencias, sairá do porto
da CRUÑA opaquetbot correo francés

== LIGER ==

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.


Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA

Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da
CRUÑA sobor do 2 de Febreiro, o lixeiro e magnífico vapor



== RIGAULT ==

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a crase e 2.^a económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 años, chamadas pol-os seus maridos, non poder
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION
de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autori-
zacións, nin poderes dados ante os Consules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.
Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaían acompañados da sua
familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

EFEKTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopara o público un servico permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,

Calo Bordalés ROUCH

Rexenerador ROSTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica
:-: de Calzado :-:**

— DE —

ANXEL SENRA

RJA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correo



Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo.	Plas. 2.053'75	2.138'75
Id. superiores.	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase		
Ponte superior:		
Camarotes exteriores.	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores.	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario

D NICANDRO FARINA —Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad. Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'è reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encárragos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes.

Si no lugar o-de vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


EL NOROESTE

XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respecto a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO